

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE ABRIL DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada PO-546, situado entre o p.q. 5+060 (límite municipal entre o Concello de Marín e o concello de Pontevedra) e o p.q. 7+040 (comezo da estrada PO-551 no pavillón da Escola Naval de Marín), a prol do Concello de Marín.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil na marxe dereita da PO-551. p.q. 6+295 ao 7+718 (Vilaseca - Lapamán), coa clave PO/16/045.06, no concello de Marín.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Valdeorras para a celebración das xornadas de portas abertas na Ruta do Viño de Valdeorras, por importe total de corenta e seis mil euros (46.000 €) e polo que se autoriza modificar da porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño da Ribeira Sacra, por importe total de corenta e seis mil euros (46.000 €) e polo que se autoriza modificar a porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro para a celebración das xornadas de portas abertas na Ruta do Viño do Ribeiro, por importe total de corenta e seis mil euros (46.000 €) e polo que se autoriza a modificar a porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Monterrei para a celebración das xornadas de portas abertas na Ruta do Viño de Monterrei, por importe total de corenta e seis mil euros (46.000 €) e polo que se autoriza modificar a porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas para a celebración das xornadas de portas abertas na Ruta do Viño de Rías Baixas, por importe total de corenta e seis mil euros (46.000 €) e polo que se autoriza modificar a porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se aproba o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executan as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria, por un importe total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o segundo contrato plurianual de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo e Sanxenxo para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas, por un importe de douscentos oitenta e un mil corenta euros con trinta e dous céntimos (281.040,32 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2019 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol, asinado o 27 de decembro de 2010, por importe de novecentos cincuenta e tres mil cincuenta e catro euros con trinta e catro céntimos (953.054,34€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2019 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo, asinado o 29 de decembro de 2010, por importe de cento dezaoito mil seiscentos sesenta e catro euros con oitenta céntimos (118.664,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a empresa Renfe Viajeros, SA., polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) no financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total dun millón cincocentos vinte e cinco mil setecentos trece euros (1.525.713 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade da Coruña (UDC) para achegar unha axuda complementaria para que os/as investigadores/as principais beneficiarios/as do programa Starting Grants (StG) poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación, por un importe total de setecentos mil euros (700.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) para o desenvolvemento do programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol, por importe de cento corenta e un mil cento setenta euros (141.170 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de setecentos cincuenta e tres mil cincocentos euros (753.500 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do Programa de integración familiar. Importe: catrocentos corenta e tres mil cincocentos euros (443.500 €).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DA SENDA PEONIL ENTRE VILASECA E LAPAMÁN, NO CONCELLO DE MARÍN, CUN INVESTIMENTO DE CASE 760.000 EUROS

- *As obras, que se licitarán nas vindeiras semanas, precisan da expropiación de 44 predios para executar unha senda para o uso de peóns e ciclistas non deportivos na marxe dereita da estrada PO-551, entre o p.q. 6+260 e a parroquia de Ardán*
- *A estrada cruza un pequeno rego entre os puntos quilométricos 6+918 e 6+953, polo que neste tramo se proxecta unha pasarela de madeira arrimada ao pontón existente para garantir a continuidade do itinerario peonil*
- *Na zona final do proxecto, nas proximidades da praia de Lapamán, habilitarase unha banda de aparcadoiro en liña, paralelo á estrada, cunhas 35 prazas*
- *Esta actuación forma parte do Plan de Sendas na comarca do Morrazo, que prevé en Marín a execución de 4 itinerarios cun investimento de arredor de 1,8 M€*
- *O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Marín do tramo da estrada PO-546, entre o inicio da rúa Concepción Arenal e o pavillón da Escola Naval*
- *Este cambio de titularidade enmárcase no convenio asinado entre a Xunta e o Concello de Marín para a humanización da rúa Concepción Arenal, entre a rotonda das Áncoras e rúa Real de Cantodarea, cun orzamento de 1,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta autoriza o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil na marxe dereita da estrada PO-551, no treito entre Vilaseca e Lapamán, no concello de Marín.

Esta actuación, que conta cun orzamento de máis de 740.000 euros e case 17.000 euros para as expropiacións, será licitada nas vindeiras semanas. As obras, que levará a cabo a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), serán cofinanciadas polo programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O decreto de utilidade pública comprende a expropiación dos 44 predios necesarios para a execución deste itinerario na estrada PO-551, no Concello de Marín.

Trátase dunha senda para o uso de peóns e ciclistas non deportivos na marxe dereita da estrada entre o p.q. 6+260 e o límite municipal co concello de Bueu, na parroquia de Ardán. O itinerario terá aproximadamente 1.450 m de lonxitude e proxéctase en formigón coloreado cun largo tipo de 2 m, aínda que nalgún punto será lixeiramente menor pola presenza de edificacións próximas á calzada.

Entre os puntos quilométricos 6+918 e 6+953 a estrada cruza un pequeno rego, polo que, neste tramo se proxecta unha pasarela de madeira arrimada ao pontón existente

para garantir a continuidade do itinerario peonil. Prevense, ademais, actuacións complementarias como a instalación dun colector para a canalización das augas de drenaxe e a execución de muros de contención en oito treitos para o sostemento dos noiros e para reducir as afeccións.

Na zona final do proxecto, nas proximidades da praia de Lapamán, habilitarase unha banda de aparcadoiro en liña, paralelo á estrada, con aproximadamente 35 prazas.

Esta actuación está enmarcada no Plan de Sendas de Galicia, que para a comarca do Morrazo prevé a construción de 8 sendas sustentables, seguras e integradas na paisaxe. Marín é un municipio en que se executarán catro itinerarios cun investimento de arredor de 1,8 M€.

Estas obras foron coordinadas coas previstas para a mellora de seguridade viaria no entorno do treito de concentración de accidentes na estrada PO-551.




Cambio de titularidade

Por outra parte, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Marín do treito da estrada PO-546, entre o inicio da rúa Concepción Arenal e o pavillón da Escola Naval.

O Concello de Marín manifestara o seu interese de asumir a titularidade deste tramo, unha vez asinado coa Xunta o convenio de colaboración para a humanización da rúa Concepción Arenal, entre a rotonda das Áncoras e a rúa Real de Cantodarea, cun orzamento de 1,6 millóns de euros.

A estrada PO-546 que comunica Pontevedra (avda. Fdez. Ladreda) con Marín (PO-551) está completamente urbanizada e rexistra un tráfico principalmente local tras a posta en servizo da variante de Marín, polo que o Concello ten interese en asumir a súa titularidade para simplificar a explotación da infraestrutura desde o punto de vista municipal.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.



A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA MELLORARÁ A APLICACIÓN DO I+D+i AO AGRO E A PROMOCIÓN DOS SEUS PRODUTOS

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se crea a Agacal, ente que integra o antigo Ingacal e outros departamentos da Consellería do Medio Rural e que manexará un orzamento próximo aos 30 millóns de euros*
- *Será o instrumento básico de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade, así como de potenciación da calidade da produción alimentaria galega*
- *Agrúpanse todas as competencias relacionadas coa aplicación do I+D+i ao agro, así como as relativas á formación, de maneira que todos os centros formativos de Medio Rural dependerán directamente da nova axencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), tras o ditame positivo do Consello Consultivo de Galicia. Con este paso, a norma remata a súa tramitación, o que permitirá a súa constitución formal coa celebración da sesión constitutiva do seu consello reitor, que terá lugar nun prazo de tres meses.

A Agacal será o instrumento básico de actuación da Xunta en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade, así como de potenciación da calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario.

Agrúpanse así, nunha única axencia, todas as competencias relacionadas coa aplicación do I+D+i ao agro, así como as relativas á formación, de maneira que todos os centros formativos da Consellería do Medio Rural dependerán directamente da Agacal, que estará presidida pola conselleira e contará cun director, con rango de director xeral.

Estrutura e centros

A Axencia estruturarase en diferentes departamentos: Innovación Tecnolóxica, Promoción da Calidade Agroalimentaria e Formación. Deste último, dependerán os centros de formación e experimentación do Medio Rural (Pedro Murias, Guísamo, Lourizán, Monforte, Sergude e Becerreá). Así mesmo, coordinará os centros de investigación, caso dos de Mabegondo, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) ou o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, entre outros.

A creación desta entidade suporá a desaparición do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal). Pola súa banda, a Agacal manexará arredor de 30 millóns de euros, que son os previstos nas contas do propio Ingacal, da Subdirección Xeral de

Formación e Innovación Agroforestal e do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, que se integrarán no novo ente.

A reorganización e mellora do funcionamento desta axencia redundará nunha mellor protección e promoción da calidade dos produtos alimentarios galegos, co conseguinte beneficio para todos os axentes da cadea de valor destas producións, desde o agricultor-gandeiro ata o consumidor final. Ademais, fomentárase dun xeito máis eficiente todo o relativo á aplicación da I+D+i no eido alimentario e agroforestal, o que beneficiará non só os produtores e industrias vinculados con estas actividades, senón tamén a poboación en xeral, xa que incidirá positivamente na calidade dos alimentos consumidos.

TURISMO DE GALICIA RENOVA A SÚA APOSTA POLA MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS NA META DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio coa Catedral de Santiago para seguir impulsando o Centro Internacional de Acollida*
- *Preto de 15.000 persoas percorreron a Ruta Xacobeana nos tres primeiros meses do ano, o que afonda no seu crecemento e internacionalización*
- *O Plan director do Camiño de Santiago está a permitir a renovación de infraestruturas e a posibilitar novos servizos na capital de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do acordo de colaboración entre Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e aos visitantes na meta do Camiño de Santiago. Renova así a súa aposta por posibilitar o mellor servizo posible ao remate da peregrinación.

A través deste convenio, polo que Turismo de Galicia achegará 350.000 euros, continuarase impulsando o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, a grande infraestrutura xacobeana realizada na capital de Galicia ao abeiro do Plan director do Camiño de Santiago, en marcha desde hai máis de dous anos. Este espazo, situado a poucos metros da praza do Obradoiro, na rúa Carretas, está a dar resposta ás novas necesidades e ao redimensionamento do fenómeno.

En concreto, este acordo permitirá o reforzo do material e persoal, ademais do seu óptimo funcionamento, tendo en conta aspectos tan importantes como a seguridade e vixilancia, e tamén a realización de distintas actividades e edicións relacionadas co Camiño de Santiago promovidas pola Catedral de Santiago.

O Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, localizado nun edificio de finais do século XVIII rehabilitado para os seus novos fins, acolle, entre outros servizos, a Oficina do Peregrino, onde se expide a *Compostela*, o documento que acredita ter completado, como mínimo, os últimos 100 quilómetros a pé ou a cabalo ou os 200 finais en bicicleta. Ademais, nel atópase unha das oficinas de información turística autonómicas, na que os peregrinos son asesorados para continuar a súa visita á Comunidade unha vez finalizada a súa peregrinación.

Este centro conta, así mesmo, con dependencias á disposición das asociacións de amigos do Camiño de Santiago e é a sede da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións. Nesta liña, o convenio prevé a colaboración para a clasificación da documentación xacobeana do arquivo do propio santuario.

Todas estas actividades están a reforzar a Ruta Xacobeana, que en 2017 superou por primeira vez os 300.000 peregrinos e que este ano está a consolidar o seu crecemento

coa chegada de 15.000 persoas no primeiro trimestre, ademais de proseguir coa súa internacionalización, con camiñantes de ata 105 países.

Ao abeiro do Plan director do Camiño de Santiago, a Xunta de Galicia está a consolidar o carácter de Santiago de Compostela como meta da peregrinación, renovando servizos e infraestruturas e dotándoa de melloras en distintos eidos.

A XUNTA APOIARÁ CON 230.000 EUROS A PROMOCIÓN DAS RUTAS DO VIÑO DAS CINCO CINCO DENOMINACIÓNS DE ORIXE ATA 2021

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de cinco convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e os responsables das rutas do viño de Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras*
- *Con esta achega, o Goberno autonómico apoiará o desenvolvemento das actividades programadas nas súas xornadas de portas abertas, con buses do viño, catas, guías e obradoiros, entre outras iniciativas*
- *Numerosos concellos das catro provincias poderán beneficiarse dos acordos ao longo de catro exercicios, o que propicia un marco estable*
- *O enoturismo é un dos recursos diferenciadores máis destacados da Estratexia do turismo de Galicia 2020 polo seu alto valor engadido*

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a subscrición de varios acordos de colaboración entre Turismo de Galicia e as Rutas do Viño das cinco denominacións de orixe vitivinícolas da Comunidade ata o ano 2021. A través destes convenios, o Goberno galego apoiará o desenvolvemento das actividades programadas polas distintas rutas –Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras– dentro das súas xornadas de portas abertas.

A colaboración da Xunta de Galicia con estas comarcas da costa e do interior encamiñase a afondar na promoción do enoturismo polo seu valor engadido e diferenciador nunha oferta turística de calidade. En conxunto, investiranse ata 230.000 euros ao longo de catro anos, dando así un marco estable ata 2021.

As rutas do viño constitúen un elemento esencial no impulso do enoturismo de Galicia, implicando á totalidade do sector enolóxico interesado en potenciar a súa vertente turística. O Goberno autonómico vén colaborando neste eido dun xeito intenso nos últimos anos con elas, realizando ademais diferentes iniciativas promocionais dentro e fóra da Comunidade e impulsando a posta en valor dos recursos e a súa rehabilitación, así como posibilitando novas infraestruturas.

A través dos cinco convenios –de 46.000 euros con cada unha das asociacións titulares das rutas do viño– darase apoio a actividades como os buses do viño, catas, guías, obradoiros e outras actividades, promoción e publicidade.

Este apoio económico beneficiará numerosos concellos das catro provincias integrados nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas da Comunidade. Así, contribúese ao seu fomento, cunha forte repercusión económica que, ademais, amplía a oferta cultural para atraer visitantes e estimular a poboación local.

O enoturismo é un dos recursos diferenciadores aos cales presta unha especial atención a Estratexia do turismo de Galicia 2020. Polo seu potencial, contribúe á especialización da oferta e á desestacionalización da demanda, e é, ademais un elemento que complementa ao outros segmentos como o turismo cultural e de natureza, o termalismo ou o turismo rural. Na actualidade, obsérvase unha demanda crecente polo viño e a súa cultura, de modo que se configura como un mercado de grande interese vinculado coa gastronomía. Isto levou a Xunta a iniciar un novo Plan enogastronómico que presentará nos vindeiros meses.

A XUNTA APROBA O PLAN DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE, QUE INCLÚE UN CENTO DE MEDIDAS CONCRETAS

- *Galicia convértese así na primeira comunidade autónoma en contar cunha ferramenta destas características*
- *Os eixos básicos do plan pasan pola concienciación, a coeducación, unha nova cultura dos tempos, o reforzo do compromiso de todas as organizacións e o fortalecemento dos recursos de apoio*
- *O plan propón a equiparación progresiva dos permisos de maternidade e paternidade na Administración autonómica, de modo que os permisos de paternidade incrementaranse de 5 a 7 semanas*
- *Primarase nas contratacións públicas a aquelas empresas que aposten pola conciliación*
- *Tamén prevé axudas ás empresas para a contratación dunha persoa substituta durante o permiso de paternidade do traballador*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, que inclúe cen medidas concretas. Galicia convértese así na primeira comunidade autónoma en contar cunha ferramenta de planificación destas características.

O obxectivo xeral desta folla de ruta é poñer en marcha, consolidar e visibilizar un abano de actuacións que favorecen a conciliación e a corresponsabilidade. En concreto, o documento pon o foco no reparto equitativo das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, seguindo así as últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea.

Actualmente, a tradicional división sexual do traballo aínda segue a dificultar o acceso, permanencia e progresión das mulleres no ámbito laboral. Por iso, a Xunta entende que as políticas de conciliación deben transcender a dimensión do regulamento dos dereitos laborais das mulleres traballadoras, e concibirse como unha nova forma de pacto social, que aposte pola corresponsabilidade entre os diferentes axentes sociais, entre os homes e as mulleres, e tamén entras todas a persoas integrantes da unidade familiar.

O Plan que hoxe se aproba é o resultado dun traballo conxunto do Goberno galego, e o seu obxectivo é estenderse máis aló do ámbito da Administración autonómica. No documento, concéntranse todas as iniciativas postas en marcha ata agora en materia de conciliación pola Xunta, e inclúe outras moi novidasas.

Esta folla de ruta segue cinco principios orientadores: igualdade entre mulleres e homes, corresponsabilidade social, cooperación e coordinación institucional,

colaboración cos axentes económicos e sociais e posta en valor do papel das familiares. Son tamén cinco as áreas estratéxicas ao redor do que se articula o conxunto do Plan.

A primeira destes cinco eixos baséase, baixo o título de “xerando conciencia e coñecemento”, en fomentar a sensibilización do conxunto da sociedade na materia, e busca incidir especialmente na necesidade dun reparto equitativo do traballo no fogar e dos coidados.

Para conseguilo, nesta área prevense, entre outras medidas, a creación dun portelo que unifique toda a información sobre servizos e axudas e a realización de campañas informativas e materiais divulgativos que aposten pola eliminación dos estereotipos e polo fomento da corresponsabilidade.

O segundo eixo, “coeducando para unha sociedade responsable”, prevé traballar desde a base para eliminar estereotipos de xénero que perpetúan a división sexual do traballo e unha distribución asimétrica das tarefas do fogar.

Nesta área, inclúense actuacións dirixidas a profesorado, alumnado e familias. Entre outras propostas, destaca a elaboración dun programa educativo para favorecer a participación do alumnado en dinámicas que teñan que ver coa corresponsabilidade e a conciliación, así como a inclusión da corresponsabilidade entre as actividades formativas do profesorado.

A terceira área estratéxica recibe o título de “artellando unha nova cultura dos tempos”, e pretende potenciar un cambio cultural xeral no uso dos tempos e na racionalización horaria, un aspecto no que resulta fundamental a implicación dos distintos actores sociais.

Por iso, entre outras accións, propón impulsar Pactos locais para a mellora dos usos e xestións do tempo; apoiar aos concellos na posta en marcha de actuacións a prol da conciliación; ou fortalecer os servizos electrónicos da Administración para facilitar as xestións á cidadanía.

Equiparación dos permisos de maternidade e paternidade

Pola súa banda, a cuarta área busca reforzar o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable. A súa finalidade fundamental é estender ao máximo posible os cambios positivos en materia de conciliación e incorporalos á perspectiva da accións das organizacións, administracións e empresas, grandes ou pequenas.

Trátase dun obxectivo ambicioso, que ademais resultaría sen dúbida un apoio fundamental para facer fronte ao reto demográfico. Entre as propostas desta área,

pódese salientar o establecemento de axudas para a contratación dunha persoa substituta durante o permiso de paternidade do traballador; e a aplicación de cláusulas que dean preferencia na contratación pública ás empresas que establezan para o seu persoal medidas de conciliación.

Ademais, na Función Pública autonómica está prevista a equiparación progresiva dos permisos de maternidade e paternidade de xeito intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas no horizonte de duración do Plan; ademais de implantar entre o persoal funcionario un permiso adicional de 4 semanas en caso de parto, durante o que se percibirá o 75% das retribucións e que se poderá desfrutar indistintamente calquera dos proxenitores.

Baixo o nome de “fortalecendo os recursos de apoio”, articúlase o último eixo, que ten por obxecto a provisión de recursos de apoio e medidas económicas de soporte e compensación para que homes e mulleres poidan compatibilizar a súa actividade laboral co seu proxecto familiar.

Neste ámbito, propóñense accións como seguir e consolidar e mellorar a rede de escolas infantís, ampliar o Bono Concilia e o Bono Coidado, mellorar a oferta de servizos de atención e de ocio da poboación infantil, ou adecuar espazos nos edificios da Xunta para o coidado corresponsable de menores.

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL QUE EXECUTAN AS ONGD

- *A convocatoria terá carácter plurianual, 2018-2019, cun orzamento de 450.000 euros*
- *Para cada proxecto aprobado, poderase anticipar o 100% de cada unha das anualidades*
- *A dotación desta convocatoria incrementase nun 12,50 por cento respecto á do ano 2017*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que establece o marco normativo para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), cun orzamento para o período 2018-2019 de 450.000 euros. Para cada proxecto aprobado poderase anticipar o 100% de cada unha das anualidades. A dotación desta convocatoria incrementase nun 12,50 por cento respecto á do ano 2017.

As ONGD poderán financiar actividades que sexan desenvolvidas no marco da sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; na formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; en investigación sobre o desenvolvemento; e na incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a maior parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, como universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

As entidades poderán beneficiarse dunha subvención de 35.000 euros no caso de que executen proxectos plurianuais de xeito individual. Para proxectos individuais que se executen só durante o ano 2018 a subvención máxima concedida será de 25.000 euros. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a subvención concedida poderá acadar os 45.000€, mentres que se son anuais a subvención máxima concedida será de 35.000€.

Requisitos

Entre os requisitos dos proxectos establécense, entre outros, que a súa execución non debe estar iniciada antes do 1 de xaneiro de 2018 e que se leven a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os proxectos poderán considerar traballo fóra de Galicia (resto de España, Europa e países prioritarios) sempre que os gastos destas actividades sexan realizados para achegar ás intervencións información e perspectiva dos países do Sur e/ou a participación en redes.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONTRATO DE XESTIÓN PLURIANUAL DA AMTEGA CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 500 MILLÓNS DE EUROS PARA AVANZAR NA ESTRATEXIA DIXITAL DE GALICIA

- *A Axencia pública autonómica dará resposta no período 2018-2021 a 7 obxectivos estratéxicos articulados en 50 programas, que se concretan en 238 proxectos*
- *A integración do Cixtec elevará a máis de 400 o número de tecnólogos da Amtega, que se consolida como o órgano único de xestión das TIC*
- *Reforzará os servizos dixitais para os cidadáns e buscará incrementar ata o 60% as presentacións en liña fronte ás presenciais*
- *Estenderá a educación integramente dixital a 20.000 alumnos, ampliará as horas formativas do Plan de inclusión dixital a máis de 230.000 e porá en marcha un plan de capacitación dixital do emprego público*
- *Completará as actuacións do Plan de banda larga co obxectivo de que o 96% dos galegos teñan acceso a redes de 30Mbps*

A Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) elevou hoxe ao Consello da Xunta o seu segundo contrato de xestión plurianual o período 2018-2021. Cun orzamento superior aos 500 millóns de euros, a Amtega abordará a consecución de sete obxectivos estratéxicos articulados en 50 programas, que se concretan en 238 proxectos para avanzar no establecido na Axenda Dixital de Galicia 2020.

A Axencia autonómica dará conta anualmente do cumprimento dos obxectivos fixados a través de 185 indicadores. A aprobación deste novo contrato de xestión para os vindeiros catro anos prodúcese tras acadar un cumprimento superior ao 91% no nivel de execución do seu primeiro contrato de xestión plurianual.

A Amtega consolídase como órgano único de xestión das TIC coa integración do CIXTEC, que elevará a máis de 400 o número de tecnólogos da Axencia.

Servizos públicos dixitais

No ámbito da Administración búscase incrementar ata o 60% a porcentaxe de entradas electrónicas fronte á modalidade presencial, con medidas como a incorporación de novos servizos na sede electrónica, a especialización por destinatarios ou a posta en marcha da carpeta do cidadán. Deseñará a nova rede de oficinas de asistencia en materia de rexistro coa previsión de que o 60% das previstas estean en funcionamento en 2021. Tamén se aumentarán os procedementos con notificacións electrónicas ata o 90%.

Desenvolveranse novos servizos dixitais para o comercio, a empresa e a industria, como a creación do rexistro único empresarial ou a posta en marcha da tramitación dixital das reclamacións do consumidor.

Para avanzar na implantación do expediente xudicial electrónico continuarase coas medidas do Plan Senda 2020 estendendo a sinatura dixital e o sistema de xestión de arquivos e pezas de convicción ao 95% dos órganos xudiciais. Crearase un sistema de información de atención á cidadanía e á vítima e deseñarse un modelo de sala de vistas totalmente dixital que se implantará no 100% das salas.

As principais actuacións previstas no eido social son a consolidación da Historia Social Única Electrónica e avanzar en novos modelos de Fogar Dixital.

Fomento da capacitación dixital

No ámbito educativo, entre os obxectivos principais están a extensión da educación integramente dixital ata os 20.000 alumnos, o incremento da velocidade media de conexión á internet dos centros públicos por riba dos 200 Mbps. Especial incidencia terán, igualmente, as accións do Plan de inclusión dixital e formación e inclusión dixital para a cidadanía, que acadan as 231.100 horas de formación, e máis de 6.000 prazas para a certificación das competencias dixitais.

A promoción do talento dixital, a través do Plan Digitalent, prevé ter en marcha unha dúcia de iniciativas para fomentar as vocacións STEM, multiplicando por catro as que se acaban de iniciar. En canto á capacitación dixital do empregado público márcase como obxectivo a elaboración e execución dun plan específico e un número de horas impartidas arredor das 10.000.

Economía Dixital

Avanzarase na execución do Plan Smarturismo coa dixitalización integral dos procedementos de turismo para os axentes do sector e o desenvolvemento da Rede intelixente de oficinas de turismo. No eido cultural, poranse en marcha novas liñas de actuación da Memoria Dixital de Galicia mediante a difusión do patrimonio dixitalizado a través de Galiciana, a modernización dos sistemas de xestión de arquivos e museos ou o deseño dun modelo xeorreferenciado de xestión do patrimonio.

O Programa Primare impulsará a dixitalización do agro coa posta en marcha dunha plataforma de servizos servizos de valor engadido tanto para os agricultores como para a Administración e no sector da pesca completarase a dixitalización de 35 lonxas, coa modernización dos procesos de xestión e comercialización. Ademais, no ámbito forestal aplicará solucións innovadoras para a vixilancia e prevención de incendios.

A modernización do transporte por estrada con novos sistemas de información para facilitar o transporte baixo demanda e novos métodos de pagamento, será outro dos obxectivos para 2021.

Impulso ao ecosistema dixital

A través do programa TransformaTIC impulsaranse ata 42 proxectos de emprendemento de base tecnolóxica e co DicoMindset fomentarase iniciativas tecnolóxicas baseadas nos contidos dixitais e porase en marcha unha aceleradora de contidos dixitais.

Continuaranse coas medidas do Plan de banda larga de Galicia para conseguir que o 96% da poboación teña acceso a redes de 30Mbps e 4% restante a través de satélite.

Seguridade e medidas instrumentais

Para garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais continuarse a mellorar as infraestruturas, sistemas e redes corporativas que dan servizo aos 3.000 centros da Administración autonómica. Ademais continuarase co desenvolvemento do Plan de seguridade da Xunta.

No ámbito das medidas instrumentais e de eficiencia, destaca a aprobación do Proxecto de Lei de Administración Dixital de Galicia (Ledixga), así como o seu desenvolvemento normativo e a consolidación da contratación centralizada.

MEDIO AMBIENTE E OS CONCELLOS DE CAMBRE, CARBALLO, OLEIROS, LUGO E SANXENXO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS ÁREAS DE ALTA RESOLUCIÓN

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Fegamp e os concellos que se van fotografar*
- *É a primeira vez que na Comunidade galega se obterán este tipo de imaxes e para unha extensión tan ampla, o que sitúa Galicia á altura de comunidades como Madrid, Cataluña e País Vasco*
- *Estas fotografías permitirán identificar e representar as construcións, o mobiliario urbano ou os elementos das infraestruturas básicas, así como a obtención de distintas perspectivas sobre unha mesma zona do terreo*
- *Tamén reportarán información para a planificación urbanística, a renovación urbana, as emerxencias e seguridade cidadá, a xestión das redes de saneamento e distintas dotación públicas urbanas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo e Sanxenxo para realizar por primeira vez voos que permitan obter fotografías aéreas xeorreferenciadas de alta resolución de cada un deses municipios.

Esta actuación, coordinada polo Instituto de Estudos do Territorio, realízase ao abeiro do Plan nacional de ortofotografía aérea (PNOA 10) para Galicia, polo cal se obterán imaxes áreas durante o ano 2018, co fin de obter ortofotos cunha resolución espacial de aproximadamente 10 cm. O importe do convenio ascende a 281.000 euros.

Co desenvolvemento destes traballos, será a primeira vez que na Comunidade galega se obteñan este tipo de imaxes e para unha extensión tan ampla, o que sitúa Galicia á altura de comunidades como Madrid, Cataluña e País Vasco.

As ortofotografías tradicionais actualmente dispoñibles non permiten realizar medicións precisas en zonas urbanas densas debido aos abatements e desprazamentos das edificacións polo efecto do ángulo de captura, mentres que estas ortofotos verdadeiras (true-orto) permiten realizar medicións precisas de obxectos como edificios, avenidas, barrios, beirarrúas, etc.

En definitiva, estas imaxes aéreas permitirán mellorar a capacidade para identificar e representar as construcións, o mobiliario urbano ou os elementos das infraestruturas básicas, así como permitir a obtención de distintas perspectivas sobre a mesma zona do terreo ao tempo que se pode conseguir rectificar a parte superior das edificacións, o que significa na práctica que estas aparecerán reflectidas na súa posición verdadeira,

fronte ao que sucedía nas ortos convencionais. É dicir, evítaranse as oclusións producidas polos edificios e poderanse observar, medir e representar todos os obxectos na contorna das edificacións, así como medir a altura e forma das edificacións con gran precisión.

Grazas ao desenvolvemento deste convenio obteranse fotografías que permitirán a elaboración dunha cartografía a grande escala (1:500 e 1:1.000), que posibilitarán a medición de superficies e alturas con maior precisión que as fotografías tradicionais. A modo de exemplo, farase unha medición máis exacta das pendentes de cubertas, do estado de aliñacións, do largo das beirarrúas...

Así mesmo, son una fonte de información para múltiples aplicacións e usos, como a planificación urbanística, renovación urbana, cartografía 3D, catastro 3D, enquisas de infraestruturas e equipamentos locais, disciplina urbanística, emerxencias e seguridade cidadá, xestión de redes de saneamento, abastecemento, rego e de comunicacións, luz pública, recollida de residuos (localización de contedores), mobilidade, pavimentación, *Smart Cities*, e *BIM (Building Information Management)*.

Experiencias anteriores

Durante o ano 2017, dentro do Plan nacional de ortofotografía aérea, efectuáronse voos sobre o territorio de Galicia co fin de obter ortofotos con 25 cm de resolución espacial. Este plan non cubriu a totalidade das necesidades dos concellos en materias da súa competencia, como a planificación de redes de saneamento e abastecemento, plans de emerxencias, localización de equipamentos e dotacións, evolución da ocupación do solo ou a planificación e disciplina urbanística.

A XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL PARA 2019, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1 MILLÓN DE EUROS

- *Esta iniciativa social de fomento do transporte público permite importantes descontos dos billetes e rexistrou o pasado ano 2,3 millóns de viaxes na área de Ferrol*
- *Beneficianse os veciños dos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Valdoviño e Miño*
- *O Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante*
- *A Xunta bonifica o 100% dos transbordos e aplica descontos adicionais aos usuarios habituais e familias numerosas*
- *Máis de 6.000 mozos menores de 19 anos de Ferrolterra viaxan gratis nos autobuses grazas á Tarxeta Xente Nova, á cal este ano a Xunta destina 2 millóns de euros*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou a renovación do convenio con Renfe para manter a integración da liña de Feve no sistema de transporte metropolitano*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a renovación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol para o ano 2019, cun investimento de preto dun millón de euros.

Esta iniciativa social de fomento do transporte público materializa o compromiso do Goberno galego de darlle continuidade a un plan que supón importantes descontos nos billetes, e que permitiu no pasado exercicio 2017 bonificar máis de 2,3 millóns de viaxes aos cidadáns dos 11 concellos adheridos.

A área de transporte metropolitano de Ferrol está integrada por un total de 11 concellos: Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño

A achega da Xunta destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos urbanos, que son gratuítos, ademais de manter os demais descontos adicionais.

No caso da área de Ferrol, o Plan de transporte metropolitano inclúe tamén os servizos ferroviarios de Feve, polo que o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a renovación do convenio con Renfe para manter a integración desta liña no sistema de transporte metropolitano entre os concellos integrados.

Coa renovación deste acordo, mantense a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no cal se aplican descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas, cun 20% ou 50% segundo se ten tres ou máis fillos. Neste Plan, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles achegarr o 20% restante, arredor de 376.000 euros.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu conceder o pasado ano 14,3 millóns de viaxes bonificadas, un incremento do 3% con respecto ao ano anterior.

Máis de 6.000 mozos viaxan gratis

Neste momento, na Área de Transporte de Ferrol máis de 6.000 mozos da comarca viaxan gratis grazas á *Tarxeta Xente Nova* implantada no 2016 e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100% do custo ata os 18 anos.

No pasado ano, esta medida beneficiou 43.000 mozos en toda Galicia e o seu obxectivo é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos formando as novas xeracións no uso do transporte público. Unha iniciativa que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano e ao cal este ano 2018 o Goberno galego destina dous millóns de euros.

A Xunta segue así a apostar pola multimodalidade no eido do plan e coa renovación dos convenios, continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, feito que supón importantes aforros económicos para as familias galegas, así como significativas vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

A XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO PARA 2019, CUN INVESTIMENTO DE 120.000 EUROS

- *Esta iniciativa social de fomento do transporte público permite importantes descontos dos billetes e rexistrou o pasado ano 130.000 viaxes nesta área*
- *Benefíciáanse os veciños dos concellos de Baleira, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade*
- *O Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante*
- *A Xunta bonifica o 100% dos transbordos e aplica descontos adicionais aos usuarios habituais e familias numerosas*
- *Preto de 900 mozos lugueses menores de 19 anos viaxan gratis nos autobuses grazas á Tarxeta Xente Nova, á cal este ano a Xunta destina 2 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá, a renovación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo para o ano 2019, cun investimento de case 120.000 euros

Esta iniciativa social de fomento do transporte público materializa o compromiso do Goberno Galego de darlle continuidade a un plan que supón importantes descontos nos billetes, permitindo no pasado exercicio 2017 bonificar preto de 130.000 viaxes en autobús aos veciños dos concellos adheridos.

A área de transporte metropolitano Lugo está integrada por un total de nove concellos: Baleira, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade.

A achega da Xunta destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos urbanos, que son gratuítos, ademais de manter os demais descontos adicionais.

A renovación do plan mantén a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no cal se aplican descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas, cun 20% ou 50% segundo se ten tres ou máis fillos. Neste plan, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e aos concellos participantes correspóndelles achegar o 20% restante, arredor de 30.000 euros.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos

incorporados, permitiu subvencionar o pasado ano case 14,3 millóns de viaxes bonificadas, e un incremento do 3% con respecto ao ano anterior.

Preto de 900 mozos viaxan gratis

Neste intre, na área de transporte metropolitana de Lugo preto de 900 mozos viaxan gratis grazas á Tarxeta *Xente Nova*, implantada en 2016 e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100% do custo ata os 18 anos.

No pasado ano, esta medida beneficiou 43.000 mozos en toda Galicia e o seu obxectivo é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos formando as novas xeracións no uso do transporte público. Unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o Transporte Metropolitano e ao que este ano 2018 o Goberno galego destina dous millóns de euros.

No eido do plan e coa renovación deste acordo, o Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, feito que supón importantes aforros económicos para as familias galegas, así como significativas vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

A XUNTA INCREMENTA NUN 30% O ORZAMENTO PARA QUE AS UNIVERSIDADES ACCEDAN A RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe unha achega a Bugalicia que supera os 1,5 millóns de euros*
- *Para o CESGA, mantense un orzamento de 510.000 euros destinado a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) –que incrementa o seu orzamento en case un 30%- e o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga). O obxectivo destes acordos, cun investimento total da Xunta de máis de dous millóns de euros é darlles aos investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de información científica e tecnolóxica fundamentais para acadar a excelencia no eido da I+D+i.

Estes acordos enmárcanse no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, na epígrafe do financiamento por resultados, no subfondo de fomento da I+D+i; e teñen como obxectivo final facilitar o traballo docente e investigador, promovendo a permanencia do talento no Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Recursos en liña

O convenio con Bugalicia, ao que se destinan 1.525.713 euros, ten como obxectivo poñer á disposición de grupos de investigación e alumnado recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e libros electrónicos) e do soporte ás novas tecnoloxías nos servizos bibliotecarios universitarios, recursos accesibles ao persoal das universidades galegas e que son básicos para realizar os traballos docentes e de investigación.

Con esta axuda, na cal a Consellería incrementa nun 30% o compromiso orzamentario respecto do ano anterior, búscase facilitar o acceso á produción científica que se está a xerar dentro e fóra e potenciar, ao mesmo tempo, as investigacións que se nutren desa información.

Ademais deste convenio, cómpre lembrar que a Xunta tamén financia as subscricións de cada institución ás publicacións electrónicas a través das axudas á consolidación de grupos de investigación.

Supercomputación

No caso do convenio co Cesga, dotado con 510.000 euros, ten como finalidade darlles acceso aos investigadores ao uso de recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación. Trátase de poñer á disposición do persoal investigador o uso dos servizos dun supercomputador con diferentes arquitecturas e de numeroso software especializado en diversas áreas para satisfacer as necesidades do persoal investigador, e que permite realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda larga necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

O obxectivo final é axudar as universidades a incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación, poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

EDUCACIÓN APOIA CON 700.000 EUROS O TRABALLO CIENTÍFICO DE EXCELENCIA DOS INVESTIGADORES STARTING GRANTS

- *A Consellería e as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña asinarán un convenio para axudar a tres científicos de referencia a crear e consolidar as súas propias liñas de traballo*
- *As contías, con horizonte ata 2021, oscilan entre os 200.000 e os 250.000 euros*
- *O Sistema Universitario de Galicia dispón actualmente de 8 investigadores con axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC)*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria continúa apoiando a investigación máis excelente no Sistema universitario de Galicia (SUG) ao reforzar a actividade doutros tres *Starting Grants* cun total de 700.000 euros. Trátase de científicos de referencia, con axuda por parte do Consello Europeo de Investigación (ERC), que están desenvolvendo o seu traballo na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e na Universidade da Coruña (UDC). As contías, que prevén un período de catro anos (desde este 2018 ata 2021) oscilan entre os 200.000 e os 250.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería, a USC e a UDC para achegar esta axuda complementaria de 700.000 euros co fin de que os investigadores principais beneficiarios do programa *Starting Grants*, convocado polo ERC, poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

Os destinatarios das axudas son José Manuel Castro Tubío e M^a del Carmen Giménez López, por parte da USC; e Carlos Gómez Rodríguez da Universidade da Coruña. Os tres súmanse aos cinco científicos excelentes, tamén con axuda do Consello Europeo de Investigación, cos cales conta o SUG. En concreto, na USC desenvolven a súa actividade un *Advanced Grants* e catro *Starting Grants*; na Universidade de Vigo hai un *Consolidator Grants* e un *Starting*; e na Coruña incorpórase agora Carlos Gómez Rodríguez como *Starting*.

Destino das achegas

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal *Starting Grants*; para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico; para adhesión a sociedades científicas; para formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto; para desprazamentos vinculados coa dita actividade; para investigadores visitantes, e para organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do

coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Investigacións pioneiras, creativas e arriscadas

Así mesmo, cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación innovadora e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Trátase de impulsar a investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, o dinamismo e a creatividade nas novas áreas, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado e creación ou consolidación do propio equipo ou programa do denominado persoal investigador principal.

Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC potencia a creación de equipos de investigación excelentes coa concesión de subvencións ao programa *Starting Grants*, destinadas ao persoal con 2-7 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento. As ditas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia, coa captación e retención destes investigadores de primeiro nivel, queda recollido no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020. Tamén se enmarca dentro das accións do Plan Galicia Innova 2020, que aposta polo establecemento de medidas prioritarias para a xeración, atracción, retención e retorno de talento en I + D + i.

O SERGAS COLABORA CON ASPANEPS PARA A PROMOCIÓN, TRATAMENTO E REHABILITACIÓN EN SAÚDE MENTAL INFANTOXUVENIL EN FERROL

- ***Para o desenvolvemento dos programas incluídos neste convenio destínase un orzamento de 141.170 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) para a realización do programa de atención e enlace para a promoción, tratamento e rehabilitación en saúde mental infanto xuvenil na Xestión Integrada de Ferrol. Para o desenvolvemento dos programas incluídos neste convenio destínase un orzamento de 141.170 euros.

Con esta actuación, o Servizo Galego de Saúde busca ofrecer unha atención aos colectivos de maior vulnerabilidade, como é o caso dos menores con problemas de saúde mental infanto xuvenil, e ofrecer apoio aos seus proxenitores a través dos programas psicoeducativos e preventivos.

Esta coordinación desenvólvese a través de protocolos de apoio e asesoramento grupal con nais e pais de adolescentes con dificultades e con proxenitores que afrontan sos a crianza na primeira infancia. Tamén se desenvolven no marco deste convenio protocolos de apoio psicoeducativo e psicoterapéutico en menores con dificultades na aprendizaxe e con dificultades na interacción social, ou en problemas derivados de dificultades na crianza no grupo primario de apoio.

A entidade ASPANEPS atendeu no ano 2017 un total de 490 solicitudes de intervención; detectándose 331 novos casos de persoas que precisan de tratamento por problemas de saúde mental e realizándose un total de 4.908 consultas.

SANIDADE RENOVA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA FOMENTAR A DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

- *Na actualidade existen 9.763 doadores de medula ósea inscritos e dispoñibles en Galicia*
- *Durante 2017 leváronse a cabo en Galicia 31 transplantes de medula ósea de persoas non emparentadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, ten coa Fundación Josep Carreras. O orzamento estimado para o desenvolvemento deste convenio ascende á cantidade de 753.500 euros. O obxectivo deste convenio é fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante destas células e non teñan un familiar compatible.

Durante o pasado ano aumentou o número de doantes de medula ósea. Así, en Galicia 2.415 persoas fixéronse doadoras, fronte a 2.272 persoas que se incorporaron ao rexistro en 2016. En total, na nosa comunidade 9.763 persoas están dispoñibles como doadores no Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

O Sergas realizou no ano 2017 un total de 31 transplantes de medula ósea de pacientes non emparentados entre si, nove máis que os realizados durante o ano anterior cando se realizaron 22.

Tres tipos de transplantes de médula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado. Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente; neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que só sucede nun 25-30% dos casos); e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

Cando isto sucede recórrase aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que cando un paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible se recorre ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW). En España, isto faise a través da Fundación Josep Carreras.

A XUNTA REFORZA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR QUE BENEFICIARÁ AO REDOR DE 350 MENORES E 200 FAMILIAS DE GALICIA

- *O Goberno galego e a Fundación Meniños desenvolven esta iniciativa nas catro provincias cun orzamento total de 630.671,21 euros, dos cales a Administración autonómica achega 443.500 euros, un 6% máis que o ano pasado*
- *Ademais, amplíase o equipo de profesionais do programa coa incorporación dun técnico na provincia de Lugo para dar resposta ás necesidades das familias nesta provincia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo convenio de colaboración coa Fundación Meniños que garante a continuidade dun programa de integración familiar (PIF) do cal, ao longo do presente ano, se beneficiarán ao redor de 200 familias e máis de 350 menores de toda Galicia. As principais novidades desta iniciativa son o aumento do orzamento e a incorporación dun técnico para reforzar a atención ás familias na provincia de Lugo.

Así, a contía total do programa para o ano 2018 ascende a 630.671,21 euros, dos cales a Administración autonómica, a través da Consellería de Política Social, achega 443.500 euros, que supoñen un incremento do 6% con respecto ao convenio anterior. Pola súa parte, a Fundación Meniños contribúe con 187.171,21 euros. No aspecto económico, outra mellora é a previsión dun anticipo do 12,8% da contía que achega a Xunta -55.800 euros- que será satisfeito no momento de sinatura do acordo.

O proxecto traballa fundamentalmente en tres áreas. A primeira é a reunificación familiar con intervencións directas nos núcleos familiares de referencia do menor e que ten por obxecto mellorar a situación social, familiar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e que están a residir en centros de acollida. O segundo ámbito de actuación céntrase na preservación familiar, potenciando os recursos das familias e promovendo os cambios que eviten a separación do menor do seu ámbito familiar. E a terceira área en que se desenvolve o programa denomínase funcionalidade familiar e ten como finalidade que a familia poida romper a dinámica de deterioración e adquira a estrutura e estabilidade suficiente para unha convivencia normal. Así mesmo, e no que atinxe a medidas concretas, o PIF abrangue accións de intervención de tipo psicolóxico e social, de terapia familiar e de educación familiar.

En definitiva, a través desta proposta axúdanse as familias e os menores en que se dean situacións de desprotección, risco ou desamparo, realizando actuacións dirixidas a manter os menores no seu ámbito familiar e social ou facilitando a súa reintegración nos casos en que se producise a separación. O PIF inscríbese na aposta da Xunta pola

atención aos menores e responde ao compromiso de primar a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela.

Nesta liña, o programa permite traballar as condicións das familias en que conviven menores en situación de risco, para mellorar a súa situación e evitar que deban ser separados da familia, así como para posibilitar a reunificación familiar nos casos daqueles nenos que xa foron declarados en desamparo e están a residir nun centro de menores ou participan nun programa de acollida.

O Goberno galego desenvolve distintos proxectos destinados a mellorar a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade social, como o acollemento familiar, o acollemento residencial, o programa de adopcións, as accións de inserción socio laboral, os programas socio educativos ou o programa de mediación familiar. O orzamento autonómico de 2018 continúa afondando no benestar das familias e da infancia, e nas últimas tres anualidades o crecemento acumulado das contas desta área ascende ao 54% ata acadar un montante de 133,2 millóns de euros.